

# ACOSO E CIBERACOSO

## Normativa:

**Lei 4/2011_ Artigo 28**. Considérase **acoso escolar** calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

**Lei 4/2011_ Artigo 12.2**. Así mesmo, **poderán corrixirse** disciplinariamente as **condutas** do alumnado que, aínda que **realizadas fóra do recinto escolar**, estean **motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar** e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.



# ACOSO E CIBERACOSO

## Criterios de identificación do acoso escolar:

Deben cumprirse 3 criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente:

- A existencia de intención de facer dano.
- A repetición das condutas agresivas.
- A duración no tempo.



# ACOSO E CIBERACOSO

| Tipos de acoso | Modalidade de acoso | Manifestación |
|---|---|---|
| Exclusión e marxinación social | Activa | ▪ Non deixar participar. |
| | Pasiva | ▪ Ignorar. |
| Agresión verbal | Directa | ▪ Insultar, poñer alcumes ofensivos... |
| | Indirecta | ▪ Falar mal de alguén ás súas costas. |
| Agresión física | Directa | ▪ Pegar. |
| | Indirecta | ▪ Agachar cousas.<br>▪ Romper cousas.<br>▪ Roubar cousas. |
| Maltrato | Mixto | ▪ Ameazar para meter medo.<br>▪ Ameazar con armas.<br>▪ Obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe). |
| | Acoso sexual físico | ▪ Actos. |
| | Acoso sexual verbal | ▪ Comentarios. |



# ACOSO E CIBERACOSO

**Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.** Comunicación por calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, sobre unha posible situación de acoso escolar.

A **dirección**:

- establecerá as medidas urxentes de protección á presunta vítima.
- designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro.
- poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, transmitindo tranquilidade e buscando a colaboración das familias.
- designará, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, unha persoa responsable das averiguacións previas
- poderá requirir, se o considera necesario, a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).



# ACOSO E CIBERACOSO

## Primeira fase. Coñecemento da situación. Identificación e comunicación.

**Primeira fase**

**Coñecemento, identificación e comunicación da situación**

Comunicación á dirección e rexistro desta comunicación (anexo 1)

**Adopción das primeiras medidas**

| Medidas urxentes de protección á presunta vítima | Designación dun responsable de atención á presunta vítima | Comunicación ás familias do alumnado implicado | Designación dun responsable das averiguacións previas | Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos |
|---|---|---|---|---|
| | **Anexo 2** | **Anexos 3 e 4** | **Anexo 5** | **Anexo 6** |

Cadro 1. Esquema da primeira fase do protocolo.



# ACOSO E CIBERACOSO

## Segunda fase. Recollida de información e rexistro.

- **Entrevista individual á presunta vítima, para dilucidar a posible veracidade dos feitos denunciados e, polo tanto, a pertinencia de incoación de expediente**
- **Entrevista individual á/ás persoa/as posible/s responsable/s do acoso**
- **Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras**
- **Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa/s posible/s acosadora/s.**
- **Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico ao departamento de orientación do centro.**
- **Solicitude de asesoramento a outros profesionais**



# ACOSO E CIBERACOSO

## Segunda fase. Recollida de información e rexistro.

**Segunda fase**
**Recollida e rexistro da información** (anexo 7)

| Entrevista individual á presunta vítima | Entrevista á/s persoa/s presuntamente responsable/s | Entrevista ás persoas observadoras/ espectadoras | Entrevista ás familias implicadas | Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Departamento de orientación | Outros profesionais educativos e/ou axentes externos |
| **Anexo 8** | **Anexo 9** | **Anexo 10** | **Anexos 11 e 12** | **Anexo 13** | **Anexo 14** |

Cadro 2. Esquema da segunda fase do protocolo.



# ACOSO E CIBERACOSO

**Terceira fase. Análise de información e adopción de medidas.**

**Análise de información:**

**Se se conclúe que non hai acoso, adopción de medidas de prevención /educativas.**

**Se se conclúe que hai acoso, instrución de expediente disciplinario**

**Adopción de medidas:**

- **De protección á presunta vítima**
- **Medidas reeducadoras e correctoras para a/s persoa/s agresora/a unha vez instruído o expediente e confirmado o acoso**
- **Outras medidas: (co grupo clase, co alumnado observador, coas familias, co equipo docente,…)**



# ACOSO E CIBERACOSO

## Terceira fase. Análise de información e adopción de medidas.

Terceira fase
**Análise da información e adopción de medidas** (anexo 15)

**Comunicación á dirección da información recadada**

**Apertura de expediente** (se procede)

**Adopción de medidas educativas**
(con independencia do proceso corrector)

- Protección e apoio á presunta vítima — **Anexo 16**
- Outras medidas: Alumnado / Familias / Equipo docente — **Anexo 16**

**Non**

**Si**

- Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s
- Medidas provisionais para a/s persoa/s agresora/s

**Ver modelos normalizados**

Cadro 3. Esquema da terceira fase do protocolo.



# ACOSO E CIBERACOSO

## Cuarta fase. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

### Análise de información:

A **dirección** debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á **Inspección Educativa** do seu grao de consecución, segundo a temporalización prevista.

**Cuarta fase**
**Seguimento e avaliación das medidas adoptadas**

| Medidas | Grao de consecución | Avaliación |
|---|---|---|
| Anexo 16 | Anexo 16 | Anexo 16 |

Cadro 4. Esquema da cuarta fase do protocolo.